


**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, O CONCELLO DE CULLEREDO E
O CONCELLO DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
AUTOTAXI NO AEROPORTO DE ALVEDRO, POR PARTE DOS
TITULARES DAS LICENZAS DOMICILIADAS EN AMBOS OS DOUS
CONCELLOS**

REUNIDOS



D. Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, consonte co Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia,



D. José Ramón Rioboo Castro, alcalde do Concello de Culleredo, segundo nomeamento acordado no Pleno municipal do día 17 de xuño do 2023, e en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, actuando en nome e representación do dito concello,

D^a. Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, segundo nomeamento acordado no Pleno municipal do día 17 de xuño do 2023, e en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, actuando en nome e representación do dito concello,

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- O artigo 25.2 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; atribúelle aos concellos competencias propias en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Correspóndelles, ademais, o outorgamento das licenzas municipais de taxi, conforme ao establecido na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas

en vehículos de turismo de Galicia.

O artigo 36 da Lei 4/2013, do 30 de maio, establece que cando en puntos específicos, como aeroportos, se xere un importante volume de tráfico que afecte a varios municipios e xurdan necesidades de transporte que non estean suficientemente atendidas, a consellería competente en materia de transportes poderá establecer, logo do informe dos municipios afectados, un réxime específico que incorpore a posibilidade de que vehículos con licenza de taxi noutros municipios realicen servizos con orixe naqueles puntos de xeración de tráfico.

Segundo.- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da dita consellería, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte.

En concreto, correspóndelle, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, ordenación do transporte terrestre, o outorgamento das autorizacións habilitantes para o desenvolvemento da actividade de transporte, o Rexistro de Títulos Habilitantes en materia de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e demais rexistros de empresas, vehículos, autorizacións, asociacións ou actividades relacionadas coa mobilidade, o transporte ou a loxística, así como a coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos, así como a planificación e execución das políticas de control e inspección dos diversos modos de transporte, entre outras.

Terceiro.- Os concellos de Culleredo e da Coruña, xunto coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, estiman conveniente a formalización dun convenio de colaboración para a prestación do servizo de autotaxi no aeroporto de Alvedro, emprazado no Concello de Culleredo, e atender así as necesidades de transporte das persoas usuarias da dita infraestrutura ante o seu elevado volume de tráfico.



Deste xeito, incorpórase a posibilidade de que vehículos con licenza de taxi no concello da Coruña poidan realizar servizos con orixe no aeroporto de Alvedro, ao tratarse dun lugar de interese xeral, o que supón unha excepción á regra xeral de que os servizos de transporte interurbano deberán iniciarse no termo do concello ao que corresponda a licenza de transporte urbano adscrita ao vehículo que o preste, de conformidade co disposto no artigo 41 do Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos en Galicia, aprobado polo Decreto 103/2018, do 13 de setembro. O dito precepto entende que a orixe ou inicio do transporte se produce no lugar no que son recollidas as persoas pasaxeiras de maneira efectiva; porén, sen prexuízo do anterior, a Dirección Xeral de Mobilidade poderá autorizar mediante resolución que vehículos adscritos a licenzas dun concello inicien servizos noutro, nos supostos previstos no artigo 36 da Lei 4/2013, do 30 de maio.

Cuarto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar convenios de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.




A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Tendo en conta o anterior, que o transporte público de persoas en vehículos de turismo ten unha importancia decisiva, e que o desenvolvemento do presente acordo de colaboración é de interese público, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o Concello de Culleredo e o Concello da Coruña acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes cláusulas:


CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto




O obxecto do presente acordo é establecer un conxunto de pautas a seguir polas administracións participantes cara a habilitación e regulación da prestación do servizo de taxi con orixe no aeroporto de Alvedro, emprazado no Concello de Culleredo, por parte de titulares das licenzas domiciliadas tanto neste concello como no da Coruña.

Segunda.- Actuacións a desenvolver



Ao abeiro deste acordo de colaboración, concértanse entre as administracións participantes as pautas a seguir respecto da autorización dun réxime específico de prestación do servizo de taxi no aeroporto de Alvedro por parte de taxistas dos concellos de Culleredo e da Coruña, consonte co que establece o artigo 36 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Dada a intensidade do servizo de taxi nesta infraestrutura de transporte, así como o volume de licenzas de cada un dos ditos concellos e a necesidade de garantir o mantemento do servizo no resto dos seus termos municipais, as partes acordan establecer as seguintes regras de aplicación á indicada autorización:



a) O número de **taxis que prestarán servizo no aeroporto** será de 35 taxis, 30 licenzas de taxis do concello de Culleredo e 5 licenzas de taxis do concello da Coruña, en igualdade de condicións (taxis de quenda, en diante).

Co comezo dos primeiros servizos do día colocaranse na cabeceira da parada 10 licenzas de taxi da quenda de Culleredo, seguidas de 5 licenzas de taxis da quenda da Coruña e, a continuación, as restantes licenzas de taxis da quenda de Culleredo colocaranse na zona de espera; os postos da quenda ocuparanse seguindo a orde do número das licenzas.

Unha vez iniciado o traslado das persoas usuarias, o posto na parada determinarase en función da orde de chegada á mesma da/o taxista; porén,



de transcorrer unha hora ou máis entre a hora oficial de chegada dos voos que estivese prevista, volverán a situarse os taxis pola mesma orde que lles correspondía a primeira hora da mañá, consonte co indicado no parágrafo anterior, é dicir, 10 licenzas de taxi da quenda de Culleredo, seguidos de 5 licenzas de taxis da quenda da Coruña.

Ademais, créase unha **bolsa de reforzo** formada por 30 licenzas de taxi do concello da Coruña que agardarán na zona de reserva habilitada para isto e que estarán na condición de colaboradores no momento no que non houbese taxis de quenda dispoñibles na parada da terminal aeroportuaria. Na prestación dos servizos terán prioridade os taxis de quenda sempre que estean posicionados na parada.

Este número de licenzas poderá ser modificado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, consonte co procedemento do artigo 36 da Lei 4/2013, do 30 de maio, adaptándoas ao volume de servizos solicitados; para tal fin, o informe dos respectivos concellos entenderase emitido coa deliberación e decisión adoptada polos seus representantes na comisión de seguimento do presente acordo.

b) O réxime de prestación do servizo entre os taxis indicados establecerase en igualdade de condicións entre os taxis de quenda do aeroporto, tanto as que correspondan ao Concello de Culleredo como ao da Coruña.

Os vehículos concretos que integrarán a correspondente quenda serán concretados por cada un dos respectivos concellos, e comunicados tanto ao Servizo de Mobilidade da Coruña, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, como aos respectivos concellos e ás asociacións locais de taxis; esta concreción poderá ser permanente no tempo, establecendo un procedemento que permita identificar para cada día os vehículos autorizados para a prestación do servizo.

Cada quenda será válida para o correspondente día do ano, e iniciárase diariamente nos 15 minutos anteriores á hora oficial de chegada do primeiro voo da mañá e rematará coa saída da/o última/o pasaxeira/o e o peche do aeroporto pola noite; no caso de que se modifique o horario do aeroporto e este se mantivese aberto as 24 horas, a comisión de seguimento do presente convenio establecerá o horario no que se producirá o cambio de quenda,

estimándose, a falta de acordo, que este ten lugar á última hora de peche do aeroporto que estivese establecida inmediatamente antes do dito cambio horario.

c) Os taxis do Concello da Coruña que se atopen estacionados na zona de reserva ou reforzo poderán estacionarse na parada de taxis principal, cando na mesma non se atope ningún taxi, ben sexa da quenda de Culleredo ou da quenda da Coruña, e en grupos de tres vehículos como máximo.

d) O resto de taxis da Coruña que acudan ocupados a deixar viaxeiras/os no aeroporto de Alvedro, de non haber taxis nin da quenda de Culleredo nin da quenda da Coruña, nin da bolsa de reserva dos taxis de quenda, poderán dirixirse á parada para recoller viaxeiros/as.

Terceira.- Compromisos e previsións de desenvolvemento

As administracións asinantes comprométense a manter canles de comunicación para o seguimento da prestación do servizo, así como para informar de posibles incidencias aos órganos competentes en materia sancionadora.

Sen prexuízo do previsto na cláusula anterior, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

O presente convenio non implica a asunción de obrigas nin de compromisos económicos polas partes asinantes.

Cuarta.- Vixencia

Este convenio producirá os seus efectos a partir do 16 de marzo de 2026 e manterá a súa vixencia por un prazo de catro anos prorrogable por ata outros catro anos máis por acordo das partes asinantes.

En todo caso, a eficacia do réxime de prestación de servizos que se prevé no presente convenio de colaboración quedará condicionado á autorización por parte da dirección xeral competente en materia de

transportes do dito réxime específico de prestación do servizo de taxi, consonte co previsto no artigo 41.2 do Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos turísticos de Galicia, aprobado polo Decreto 103/2018, do 13 de setembro; réxime específico respecto do que, de establecerse nos termos do presente convenio, enténdese emitido informe favorable polos concellos asinantes a través da formalización deste convenio.

Non obstante, calquera das partes poderá desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima de catro meses.

Quinta. Comisión de Seguimento

Establécese unha comisión mixta de seguimento deste convenio, á que serán sometidas as cuestións que expresamente se prevén no mesmo así como aquelas outras que deriven do desenvolvemento do mesmo aínda que non estean expresamente recollidas nel, e aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Esta comisión está composta por:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade, ou persoa na que delegue, que a preside.
- Un representante do Concello de Culleredo.
- Un representante do Concello da Coruña.
- Actuará como secretaria/o unha/un funcionaria/o da Dirección Xeral de Mobilidade ou do Servizo de Mobilidade Urbana da Coruña, que actuará con voz pero sen voto.

En atención aos asuntos a tratar, por decisión da presidencia da Comisión, por propia iniciativa ou a petición das outras dúas partes, poderán convocarse ás reunións desta comisión, con voz mais sen voto, a:

- Un representante de AENA.
- Un representante da/s asociación/s de taxis de Culleredo.
- Un representante da/s asociación/s de taxis da Coruña.

Ás xuntanzas da comisión poderá asistir o persoal técnico de calquera das partes que consideren oportuno para a mellor resolución dos asuntos.

Os acordos da Comisión de Seguimento serán adoptados por unanimidade.

Sexta. Natureza xurídica e normativa aplicable

Este convenio atópase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

Este convenio rexeráse polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

Sétima. Transparencia e publicidade

Este convenio será obxecto de publicación nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa aplicable, e as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas neste, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava. Consecuencias aplicables en caso de incumprimento

No caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, calquera delas poderá, de conformidade co previsto na cláusula novena, denunciar por escrito o convenio para a súa resolución.

Novena. Causas de resolución

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:



- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras. Para estes efectos, calquera das partes poderá denunciar por escrito o convenio, trasladándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a resolución.
- b) O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- c) O acordo das partes asinantes, ou a desistencia por calquera delas formulada nos termos que establece a cláusula cuarta.

E en proba de conformidade co exposto, asinan o presente convenio en Culleredo, o 27 de febreiro de 2026.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes
Diego Calvo Pouso

O alcalde de Culleredo
José Ramón Rioboo Castro

A alcaldesa da Coruña
Inés Rey García